



Roberto Quintanilla

4º Educación Primaria

Día das letras galegas 2022



FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN

BIOGRAFÍA

Florencio Manuel Delgado Gurriarán naceu na aldea de Córghomo, no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras, o 27 de agosto de 1903. Era fillo de Florencio e Consuelo.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid, cidades ás que foi destinado seu pai, que era profesor da Escola de Peritos Agrícolas.

En Valladolid fixo a carreira de Dereito e despois exerceu como avogado no Barco de Valdeorras.

No ano 1934 editouse o seu libro *Bebedeira*, con poemas dedicados á súa terra de Valdeorras.

Despois da Guerra marchou a México e alí casou con Celia, filla de emigrantes galegos e coa que tivo cinco fillos.

En México colaborou no programa radiofónico en galego *A hora de Galicia*, que estivo en antena durante case vinte anos

En *Cantarenas* recóllense poemas de *Bebedeiras* e outros novos: *Valdeorrasas* e *Dionisias*. Foi publicado en 1981 por Edicións do Castro, de Sada (A Coruña).

Foi membro correspondente da Real Academia Galega e esta dedícalle o Día das Letras 2022 pola súa contribución á defensa do noso idioma e da nosa cultura.



Os cinco irmáns. Á esquerda, coas mans no cinto, Florencio, con sete anos de idade.



Bebedeira, o primeiro libro publicado por Florencio Delgado.



Florencio Manuel Delgado Gurriarán, con 49 anos.

QUE SABES DE FLORENCIO DELGADO?

1. Agora que xa sabes moitos datos sobre a vida de Florencio, arrodea os erros destas frases e escríbeas correctamente.

- Florencio Delgado naceu en Ourense, o 27 de agosto de 1933.

▶ _____

-Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Salamanca.

▶ _____

-Despois da Guerra, marchou a Cuba e alí casou con Celia.

▶ _____

- No ano 1944, editouse o seu libro Bebedeira.

▶ _____

- Foi membro correspondente da Academia de Belas Artes.

▶ _____

2. Localiza na sopa de letras oito nomes propios relacionados coa biografía de Florencio M. Delgado.

A	C	X	C	O	R	G	O	M	O	L	A	V	H	Z	D	M
B	E	B	E	D	E	I	R	A	S	N	G	X	C	F	V	E
B	V	A	L	D	E	O	R	R	A	S	N	H	A	B	E	X
X	C	D	I	O	N	I	S	I	A	S	V	M	D	S	Z	I
G	F	V	A	L	L	A	D	O	L	I	D	B	N	A	M	C
Z	O	S	N	L	F	C	A	N	T	A	R	E	N	A	S	O

CÓRGO
MÉXICO
VALLADOLID
DIONISIAS
CANTARENAS
BEBEDEIRA
CELIA

3. Cal é o título do seu primeiro libro de poemas? Colorea.

Valdeorresas


Bebedeira

Cantarenas

4. En México foi o fundador de... Arrodea as opcións correctas.

- As Irmandades da Fala
- A revista Vieiros
- Padroado da Cultura Galega
- Irmandade Galeguista
- A revista Nós
- O programa radiofónico A hora de Galicia


5. Canto tempo estivo en antena en México o programa de radio A hora de Galicia? Arrodea a resposta correcta.



6. De que institución foi membro correspondente?

7. Por que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

8. O encrucillado da biografía de Florencio



FLORENCIO M. DELGADO GURRIARÁN,
por Anxo Santomil

HORIZONTALAIS

1. Nome do pai.
2. Cidade castelá onde estudou primaria.
3. Provincia galega na que naceu.
4. Nome da revista que fundou en México.
5. Título do libro de poemas co que se deu a coñecer.
6. Segundo nome de Florencio Delgado Gurriarán.
7. Nome da súa muller.
8. Carreira eu estudou en Valladolid.
9. Profesión que exercei no Barco de Valdeorras.

1. FLORENCIO 2. PALENCIA 3. OURENSE 4. VIEIROS 5. BEBDEIRA
6. MANUEL 7. CELIA 8. DEREITO 9. AVOGADO

9. Ordena cronoloxicamente e escribe estas frases por orden referidas á biografía de Florencio Delgado.

Nomeárono membro da Real Academia Galega.

Naceu na aldea de Córghomo.

Estudou primaria e bacharelato en Palencia e Valladolid.

Marchou a México despois da guerra.

Foi un dos fundadores en México da revista Vieiros, do Padroado da Cultura Galega, da Irmandade Galeguista...

Fixo a carreira de Dereito en Valladolid.

■ 1. _____

■ 2. _____

■ 3. _____

■ 4. _____

■ 5. _____

■ 6. _____

10. Copia o retrato de Florencio Delgado e pinta o cartel.



DIA DAS LETRAS
GALEGAS
2022

FLORENCIO
DELGADO

O Félix florea a gaita,
Fermín florea o requinto,
fai, Roxelio o redobranter,
na caixa, lene tronido...

Ou a gloria da alborada
dende a «Pireira» ás «Gralleiras»
no amencer de Santa Marta!



Grupo musical de Cógomo,
aldea natal de Florencio.
(Ca 1920)

QUE SABES DO POEMA OS «TRINTAS»?

1. Cantos membros forman o grupo musical do Córghomo? Pinta.



2. Cal é o seu nome? _____


3. Qué toca o Félix? _____

4. E o Fermín? _____


5. Por que no texto din que Félix e Fermín florea a gaita e o requinto?

6. Qué pezas musicais tocan os «Trintas»? _____


7. No texto parecen tres instrumentos musicais. Clasifícaos segundo sexan de vento, corda ou percusión.



8.- Como podes observar, o texto trata sobre un grupo musical. Intenta localizar nesta sopa de letras os seguintes instrumentos musicais: FRAUTA, GAITA, PANDEIRO, PANDEIRETA, ZANFONA, TAMBO- RIL, REQUINTO e CAIXA.



Roncón, farrapos, fol, ronqueta, punteiro, soprete, palleta



10. A gaita e o traxe tradicional galego, están moi relacionados coa nosa cultura, imos colocar no seguinte debuxo, as partes do traxe galego.

**Polainas saia faixa chaleco
camisa calzón mantelo cofía**



11. Os grupos de música para ir tocar recorren distintas distancias. Agora, intenta calcular ti a distancia que vai recorrer o grupo musical do Córghomo nunha actuación.

Distancia de Córghomo a Valdeorras: 12,5 km
Distancia de Valdeorras a Vilafranca do Bierzo: 25 km

Se os «Trintas» saen do Córghomo para unha actuación en Valdeorras pola mañá e a tarde van actuar a Vilafranca e voltan á noite ao Córghomo. Cantos quilómetros recorren o longo do día?

○




Os «Trinta» recorren _____

Agora pasa a distancia que recorren os «Trintas» a metros.

$$\boxed{} \times \boxed{} = \boxed{} \underline{\hspace{2cm}}$$

Imos ver canto lles custa a viaxe. Se un litro de gasolina custa 1,10 e necesitan 42 litros. Canto terán que pagar pola gasolina?

Terán que pagar _____




E se a dividen entre os 3?

Cada un pagará _____

Seguimos a facer contas. Se de o Cógomo a Valdeorras, tardan 15 minutos e de Valdeorras a Vilafranca tardan 55 minutos. Canto tempo levaralles a viaxe de ida?

Levoulles a ida _____



E o de ida e volta?

Levoulles a ida e volta _____

A neniña brinca á corda nun xardín de algures

Un,
dous,
tres.

Foxen da retorta serpe
os paxariños dos pés
e as bolboretas das trenzas.

Un,
dous,
tres.

Os paxariños dos pés
foxen, con medo da cobra.
A túa gorxa, leda fruta,
fai bailar a serpe tola.

Un,
dous,
tres.

Fera enfurruñada, asubía
ao feitizo das túas mans,
e chouta, ergueita, para darche
tráxica aperta no van.

Un, dous, tres;
un, dous, tres...

rápida estordega,
mais viras e viras
o corpo de vimia
e á cobra alporizas.

Fuxide, paxaros,
que a serpe asubía!
Cantigas na fruta...
Á présa, neniña!:
un, dous, tres,
un, dous, tres...



van: cintura

estordega: de estordegar, dar voltas en sentido contrario

vimia: vimbio

alporizas: fas perder a tranquilidad

QUE SABES DE «DOMADORA DE SERPES»?

1. Qué tipo de texto é o que acabas de ler? Pinta a resposta correcta.

Fábula

Poesía

Teatro

2. A qué está brincando a neniña?

3. Qué lle saen dos pés e das trenzas a neniña?

4. De qué fuxen os paxariños e as bolboretas?

5. No texto aparecen diferentes animais. Agora chegou a hora de buscar na seguinte sopa de letras os nomes dos animais que aparecen no recadro.

**PÁXARO
BOLBORETA
SERPE
COBRA
CROCODILO
LAGARTA.**



B	P	Z	D	C	G	F	V	Ñ	S	X	P	N
L	A	G	A	R	T	A	H	C	Ñ	Z	X	C
N	X	E	V	C	R	O	C	O	D	I	L	O
H	A	Ñ	D	F	B	C	G	B	S	E	I	P
V	R	Z	N	E	H	S	E	R	P	E	S	Z
B	O	L	B	O	R	E	T	A	H	B	X	N

6. Na poesía de Florencio di que é «a nena dá unha rápida estordega», que é unha volta en sentido contrario. Ímoslle dar a volta ás seguintes palabras para facer os seus antónimos que os podes escoller do saco da dereita.

	ANTÓNIMO
Ledo	
Tola	
Retorta	
Enfurrugada	
Rápida	
Á présa	



7. - A poesía da «Domadora de serpes» sucede no verán. Imos poner os meses de ano nos seguintes refráns. Ilustra un deles.

xaneiro marzo abril maio

No mes de _____, pés no braseiro.

Ata o 40 de _____, aínda a vella queima o tallo.

Cando sae o sol en _____ a culebra, en _____ sarabea ou neva.

8. Ímoslle dar unha volta ao clima. Saberás formar verbos relacionados cos seguintes sustantivos?

Chuvia, saraiba, neve, sol, xeada, orballo, vento e trono

CHUVIA

VERBO

NEVE

VERBO

XEADA

VERBO

VENTO

VERBO

SARAIBA

VERBO

LÓSTREGO

VERBO

ORBALLO

VERBO

TRONO

VERBO

9. Con que aparello se miden os seguintes fenómenos metereolóxicos?

CHUVIA

PLUVIÓMETRO

VENTO

ANEMÓMETRO

TEMPERATURA

TERMÓMETRO


PRESIÓN ATMOSFÉRICA

BARÓMETRO

HUMIDADE


HIGRÓMETRO

10. Este poema é para un xogo tradicional infantil. Escribe o nome de dous xogos tradicionais que coñezas e explica brevemente en que consiste cada un deles.



The image shows two sheets of lined paper, each with a paper clip at the top left. The left sheet has the word "XOGO" at the top, followed by a horizontal line, and then the question "Como se xoga?". Below this are several horizontal lines for writing. The right sheet has "XOGO" at the top, followed by a horizontal line, and then the question "Como se xoga?". Below this are several horizontal lines for writing.

11. Para facer voar a imaxinación, inventa ti un xogo, ponlle nome e explica como se xoga.



A large rectangular box with a paper clip at the bottom left. Inside the box are several horizontal lines for writing.